INSERCIÓN LABORAL

RESUMO EXECUTIVO

ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do SISTEMA UNIVERSITARIO de GALICIA

Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2012-2013 (EILMasteres1213)

EDITA:
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)
Rúa Lamas de Abade, s/n
CIFP Compostela 5º andar
15702 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 534173
Fax: 981 534174
Correo-e:
insercion.laboral@acsug.es
Páxina web:
www.acsug.es

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o seu título e á ACSUG como editora.

ACSUG É MEMBRO DE PLENO DEREITO DE ENQA

ACSUG ESTÁ REXISTRADA NO EQAR

ACSUG É MEMBRO DE ECA

A ACSUG TEN IMPLANTADO UN SISTEMA DE XESTIÓN DA CALIDADE E DO MEDIO AMBIENTE CERTIFICADO POR AENOR NAS NORMAS ISO 9001:2008 E ISO 14001:2004. O SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL ESTÁ VERIFICADO POSITIVAMENTE SEGUNDO O REGULAMENTO COMUNITARIO DE ECOXESTIÓN E ECOAUDITORÍA (EMAS).

EIL MASTERES 1213

INSERCIÓN LABORAL

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

1- INTRODUCIÓN

No ano 2013, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) foi pioneira comezando un novo proxecto analizando a situación laboral dos titulados en másteres oficiais no Sistema Universitario de Galicia (SUG). Dándolle continuidade a este proxecto, a ACSUG publica o seu cuarto informe "Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2012-2013" (EILMasteres1213).

Con este informe a ACSUG amplía a serie de estudos de inserción laboral realizados aos titulados en másteres oficiais no SUG, iniciados no ano 2013 como un proxecto complementario aos estudos de inserción laboral dos titulados en 1º, 2º ciclo e graos. Coa actual configuración dos estudos universitarios en graos, másteres e programas de doutoramento, case dez anos despois da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, resulta imprescindible realizar un seguimento e análise da poboación titulada en másteres para obter información sobre a empregabilidade deste colectivo.

Nestes informes proporciónanse datos estatísticos fiables, obxectivos e comparables sobre a empregabilidade e a inserción laboral no mercado laboral dos titulados universitarios en másteres, así como a percepción que teñen os egresados sobre a súa formación académica. Deste xeito, os obxectivos destes estudos atópanse aliñados dentro das prioridades establecidas pola Comisión [1]Europea para 2025 onde se establece como tarea, entre outras, o seguimento de titulados de cara a abordar os desaxustes existentes nas competencias e promover a excelencia no seu desenvolvemento. Así mesmo, estes estudos dan resposta á demanda de información sobre indicadores de inserción laboral durante o ciclo de vida dun título nos seus procesos de verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación onde se analizan aspectos como os indicadores de inserción laboral en función do contexto socio-económico e profesional do título, ou a percepción dos titulados sobre cómo as competencias adquiridas no título son acordes coas demandadas no mercado laboral e contribúen a incrementar a súa empregabilidade.

Neste informe analízanse os resultados obtidos na cuarta enquisa realizada aos titulados universitarios en másteres oficiais no SUG entre febreiro e marzo de 2016, aproximadamente aos tres anos despois de rematar o máster. Nesta ocasión, acadouse unha mostra de 1.723 titulados en másteres sobre unha poboación de 2.432, o que representa un 70,8% da poboación total de titulados no curso académico 2012-2013.
A información recollida neste informe contempla as seguintes temáticas: valoracións dos titulados en másteres sobre aspectos organizativos e de desenvolvemento do máster, motivación principal para realizar estudos de másteres e valoracións sobre a experiencia laboral nestes últimos anos, antes e despois da realización do máster.

1
On the renewed EU Agenda for Higher Education

1.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO ESTUDO DE INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS EN MÁSTERES NO SUG 2012-2013

COA ELABORACIÓN DESTE ESTUDO DE INSERCIÓN LABORAL PRETÉNDESE OBTER INFORMACIÓN SOBRE OS SEGUINTES ÍTEMS.

- A percepción dos titulados en másteres sobre a formación e a universidade:

Realización, organización e utilidade das prácticas en empresas nos másteres	Consideracións sobre a planificación e organización do máster	Titulacións rematadas e motivos para cursar estudos de máster

- Características da situación laboral dos titulados en másteres:

Acceso ao emprego

Procura de traballo	Tempo que se tarda en atopar emprego	Grao de uso das distintas vías de procura de emprego e a súa eficiencia
Vía propiciatoria do primeiro emprego	Número de contratos e empresas	

Condicións laborais

Capacidade do mercado de traballo para absorber os titulados en másteres	A importancia dos distintos factores para obter un emprego (variables de maior importancia nos procesos de contratación)	Análise das condicións básicas da traxectoria laboral posterior ao máster (tempo empregado, salario medio, relación dos empregos co máster…)
As condicións laborais (salario medio, tipo de contrato, lugar de traballo, tipo de empresa...) no traballo actual	Competencias, coñecementos e aptitudes necesarias para o desenvolvemento do seu traballo	Grao de satisfacción co máster en función da súa traxectoria laboral e o cumprimento das expectativas xeradas nos seus estudos

2- DATOS TÉCNICOS DO ESTUDO

A POBOACIÓN OBXECTO DE ESTUDO ESTÁ CONSTITUÍDA POLOS TITULADOS EN MÁSTERES NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2012-2013; en concreto, son titulados que estiveron matriculados no curso académico 2012-2013 e que fixeron o depósito do título ao longo do ano 2013.

A enquisa realizouse entre febreiro e marzo do 2016, aproximadamente 3 anos despois de rematareen os seus estudos de máster.

O número de másteres analizados no curso 2012-2013 ascende a 166, cunha media de 16,43 estudantes por máster, cifra que aumentou de xeito importante desde os 12,85 do curso 2009-2010 e os 13,8 do curso 2010-2011. Unha mostra da boa percepción que o alumnado ten dos másteres, e que se irá incrementando na medida en que estes axuden no desenvolvemento dunha carreira laboral acorde ás expectativas.

Universidade	Poboación 2012-2013	Mostra 2012-2013
A Coruña	455	329
Santiago de Compostela	848	593
Vigo	1.129	801
SUG	**2.432**	**1.723**

Táboa 2.1. Titulados en másteres no SUG no curso académico 2012-2013. Resultados por universidade e para o total do SUG.

A poboación e a mostra acadada agrupouse nas seguintes ramas de coñecemento: Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura. Para realizar a clasificación dos másteres nas distintas ramas de coñecemento tívose en conta a rama de coñecemento na que figuraba adscrito o título no seu proceso de verificación.

Rama de coñecemento	Poboación 2012-2013	Mostra 2012-2013
Artes e Humanidades	212	139
Ciencias	292	206
Ciencias da Saúde	223	160
Ciencias Sociais e Xurídicas	1.176	832
Enxeñaría e Arquitectura	529	386
SUG	**2.432**	**1.723**

Táboa 2.2. Titulados en másteres no SUG no curso académico 2012-2013. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

Co obxectivo de garantir a maior representatividade para cada un dos másteres no SUG, realizouse un **estudo exhaustivo** contactando con todos e cada un dos individuos que constituían a poboación, polo que non se realizou unha mostraxe aleatoria.

O **erro de mostraxe** global acadado para os titulados en másteres no SUG sitúase no +/-1,27%, cun nivel de confianza do 95%, e oscila entre o +/-1,84% e o +/-4,88% por rama de coñecemento.

A **recollida de información** realizouse mediante enquisa telefónica asistida por ordenador (CATI).

3- RESULTADOS

3.1. RESULTADOS DO ESTUDO DA INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS EN MÁSTERES NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 2012-2013

3.1.1. MOTIVACIÓNS PARA REALIZAR O MÁSTER

O motivo máis destacado para realizar estudos de máster é complementar a formación académica para obter unha maior especialización no mercado de traballo, ampliar as saídas laborais e acadar un maior desenvolvemento profesional (64,3%). Á súa vez, complementar a formación académica previa para realizar o doutoramento e dedicarse á investigación sitúase como segundo motivo en importancia, cun 25,4%, seguido dun 18,5% de titulados que afirmaron que o máster era necesario ou obrigatorio para o seu futuro emprego ou perspectiva laboral (profesores de secundaria, avogados, etc.).

Motivación	% titulados en másteres
Complementar a formación académica (investigación)	25,4 %
Complementar a formación académica (traballo)	64,3 %
Detectar necesidades formativas na experiencia laboral anterior	5,1 %
Era necesario ou obrigatorio para o futuro emprego	18,5 %
Outros	2,6 %

Táboa 3.1. Motivos para realizar o máster. Resultados para o total do SUG.

O motivo de complementar a formación académica de cara ao mercado laboral é maioritario nas ramas de Enxeñaría e Arquitectura (78,0%), Ciencias Sociais e Xurídicas (63,8%) e Ciencias da Saúde (57,5%). Pola súa parte, en Ciencias (53,1%) e en Artes e Humanidades (46,0%) son máis os que sinalan o motivo de complementar a formación de cara á investigación. Os titulados que afirmaron cursar o máster porque era necesario ou obrigatorio para o seu futuro emprego contan cun peso particularmente destacado na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas (30,6%), debido a presenza nesa rama do Máster universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.

Motivación	Artes e Humanidades	Ciencias	Ciencias da Saúde	Ciencias Sociais e Xurídicas	Enxeñaría e Arquitectura	SUG
Complementar a formación académica (investigación)	46,0%	53,1%	39,7%	14,3%	21,8%	**25,4%**
Complementar a formación académica (traballo)	56,8%	50,5%	57,5%	63,8%	78,0%	**64,3%**
Detectar necesidades formativas na experiencia laboral anterior	6,5%	3,6%	2,9%	5,2%	6,2%	**5,1%**
Era necesario ou obrigatorio para o futuro emprego	6,5%	7,8%	8,0%	30,6%	6,5%	**18,5%**
Outros	6,5%	2,1%	2,3%	2,3%	2,1%	**2,6%**

Táboa 3.2. Motivos para realizar o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.1.2. SITUACIÓN LABORAL ANTERIOR Á REALIZACIÓN DO MÁSTER

Ao longo do presente apartado analízase a situación laboral previa á realización do Máster dos titulados en másteres no SUG.

3.1.2.1. Actividade laboral previa á realización do Máster

Actividade laboral previa á realización do máster: un 58,2% dos titulados en másteres no SUG xa **traballaban con anterioridade á realización do máster**, porcentaxe que se supera ata o 69,4% e o 57,2% nas ramas de Enxeñaría e Arquitectura e de Ciencias Sociais e Xurídicas respectivamente, e que diminúe ata o 44,3 % no caso de Ciencias. O restante 41,8% de titulados en másteres no SUG que non traballaban divídese nun 16,1% que **buscou emprego pero non o atopou** e nun 25,7% que **nin sequera o buscou**.

Rama de coñecemento	Nin traballou nin buscou emprego	Buscou emprego e non o atopou	Traballou	Non traballaba ao comezar o máster	Deixou o traballo para facer o máster	Simultaneou traballo e máster
Artes e Humanidades	28,8%	14,4%	56,8%	27,8%	2,5%	69,6%
Ciencias	40,6%	15,1%	44,3%	42,4%	8,2%	49,4%
Ciencias da Saúde	22,4%	23,6%	54,0%	26,6%	5,3%	68,1%
Ciencias Sociais e Xurídicas	25,7%	17,1%	57,2%	40,1%	5,9%	54,0%
Enxeñaría e Arquitectura	18,7%	11,9%	69,4%	30,2%	0,7%	69,0%
SUG	**25,7%**	**16,1%**	**58,2%**	**35,4%**	**4,4%**	**60,2%**

Táboa 3.3. Actividade laboral previa ao máster e no momento de comenzar este. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

Situación laboral no momento de comezar o máster dos titulados no SUG que traballaran antes de realizalo: en canto á situación laboral no momento de iniciar o máster, o 60,2% **simultaneou o traballo co máster**, e son as ramas de Enxeñaría e Arquitectura (69,0%), Artes e Humanidades (69,6%) e de Ciencias da Saúde (68,1%) son as que presentan unhas porcentaxes máis altas. Á súa vez, só un 4,4% dos titulados que traballaran antes do máster **deixaron o seu emprego para cursar o máster**, porcentaxe que é maior nas ramas de Ciencias (8,2%) e de Ciencias Sociais e Xurídicas (5,9%). Por outra banda, o 35,4% dos titulados **que traballaran antes do máster non tiñan emprego** no momento de comezar a cursalo.

3.1.3. TRAXECTORIA LABORAL POSTERIOR Á REALIZACIÓN DO MÁSTER

Neste apartado analízase a relación co mercado laboral dos titulados en másteres no SUG desde o momento no que remataron o máster ata o momento da realización da enquisa.

3.1.3.1. Actividade laboral posterior ao máster

Un 92,6% dos titulados de máster **traballaron nalgún momento desde que remataron o máster**, porcentaxe que se divide nun 73,9% que **traballa actualmente** e un 18,7% que **non traballa** no momento de realizar a enquisa **pero si o fixo nalgún momento desde que rematou o máster.** Tan só un 7,4% dos titulados **non traballaron en ningún momento desde que remataron o máster**.

Rama de coñecemento	Traballa na actualidade	Non traballa na actualidade, pero si o fixo despois do máster	Non traballou desde a fin do master
Artes e Humanidades	70,5%	19,4%	10,1%
Ciencias	64,1%	22,4%	13,5%
Ciencias da Saúde	75,9%	16,7%	7,5%
Ciencias Sociais e Xurídicas	72,2%	20,1%	7,7%
Enxeñaría e Arquitectura	82,6%	14,8%	2,6%
SUG	**73,9%**	**18,7%**	**7,4%**

Táboa 3.4. Situación laboral desde a finalización do máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



Figura 3.1. Situación laboral desde a finalización do máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

Por ramas de coñecemento, os mellores resultados en canto ao acceso ao emprego despois do máster preséntanos as ramas de Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias da Saúde e Ciencias Sociais e Xurídicas. Na primeira, un 97,4% dos titulados traballou nalgún momento desde a finalización do máster, e ata un 82,6% traballa na actualidade. En canto as ramas de Ciencias da Saúde e Ciencias Sociais e Xurídicas, estas porcentaxes sitúanse por enriba do 92,0% para os que traballaron tras remataren o máster, e entre o 76% e o 72% para os que contan cun emprego actualmente.

Pola contra, a rama de Ciencias, ao igual que ocorría no estudo precedente, ten os peores datos neste sentido presentando un 13,5% de titulados que non traballaron despois do máster.

3.1.3.2. Tempo medio en atopar emprego desde a fin do máster

O **tempo medio** para que un titulado en másteres do SUG atope **o seu primeiro traballo despois de rematar o máster** é de 7,40 meses. Os titulados que acceden máis axiña ao mercado laboral tras o máster son os de Enxeñaría e Arquitectura (5,79 meses) e Ciencias (7,96 meses). A poboación titulada en Artes e Humanidades (8,48 meses) son os que máis tardan. Así mesmo, obsérvase que tanto na rama de Enxeñaría e Arquitectura, de xeito importante, como nas ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Artes e Humanidades, de xeito máis lixeiro, se reduce o tempo medio para que os titulados atopen emprego respecto ao que se obtiña no EILMasteres1112 [2].



Figura 3.2. Número medio de meses transcorridos desde a finalización do máster ata atopar emprego. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.1.4. SITUACIÓN LABORAL ACTUAL (NO MOMENTO DE REALIZAR A ENQUISA)

Neste apartado analízase a situación na que se atopaban os titulados en másteres do SUG no curso 2012-2013 no momento de realización da enquisa. No caso dos titulados que estiveran a traballar estudaranse, ademais, as características do seu posto de traballo e mais a adecuación da súa formación ao mesmo, entre outros aspectos.

2

Estudo de inserción laboral dos titulados en **Másteres** no Sistema Universitario de Galicia 2011-2012

3.1.4.1. Actividade laboral actual

UN 73,9% DOS TITULADOS EN MÁSTERES NO SUG TRABALLABA NO MOMENTO DA REALIZACIÓN DA ENQUISA, MENTRES QUE UN 16,0% NON TRABALLABA PERO ESTABA Á PROCURA DE EMPREGO E UN 10,2% DOS TITULADOS NIN TRABALLABA NIN BUSCABA EMPREGO.

En canto á análise por ramas de coñecemento, hai que comezar sinalando que en todas as ramas a porcentaxe que traballa na actualidade é inferior á do estudo precedente (EILMasteres1112) con reducións que van desde o 0,8% da rama de Enxeñaría e Arquitectura ata o 8,7% da rama de Ciencias. Por outra parte, os titulados en másteres da rama de Enxeñaría e Arquitectura seguen a ser os que traballan en maior porcentaxe, un 82,6%, situándose a continuación os titulados da rama de Ciencias da Saúde, co 75,9%. Pola contra, a porcentaxes máis baixa preséntase na rama de Ciencias co 64,1%, mentres nas demais ramas a porcentaxe de titulados que traballa na actualidade supera o 70%.

Analizando a situación dos titulados que non traballan e tampouco buscan emprego, destacan as porcentaxes de titulados que realizan outros estudos (4,8%), principalmente de doutoramento e de grao, están a preparar oposicións (4,3%) –porcentaxe significativamente superior á do estudo precedente- e argumentan outro tipo de motivos (1,1%).

Rama de coñecemento	Traballa na actualidade	Non traballa, pero busca emprego	Nin traballa, nin busca emprego
Artes e Humanidades	70,5%	15,1%	14,4%
Ciencias	64,1%	20,3%	15,6%
Ciencias da Saúde	75,9%	13,8%	10,3%
Ciencias Sociais e Xurídicas	72,2%	17,3%	10,5%
Enxeñaría e Arquitectura	82,6%	12,2%	5,2%
SUG	**73,9%**	**16,0%**	**10,2%**

Táboa 3.5. Situación actual (no momento de realizar a enquisa). Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.1.4.2. Relación do posto de traballo co máster

UN 46,5% DOS TITULADOS EN MÁSTERES DO SUG AFIRMAN QUE O SEU TRABALLO ESTÁ BASTANTE OU MOI RELACIONADO CO MÁSTER QUE CURSOU, MENTRES QUE UN 24,7% SOSTEÑEN QUE NON EXISTE NINGÚN TIPO DE RELACIÓN ENTRE AMBOS.

Por ramas de coñecemento, os maiores niveis de vinculación entre o traballo e o máster danse nas ramas de Ciencias, cun 56,1%, e de Enxeñaría e Arquitectura, cun 48,9%, de titulados que catalogan a relación como bastante ou moita. Pola contra, en Ciencias da Saúde dita porcentaxe redúcese ao 42,4%, que sendo unha porcentaxe inferior é case a mesma que os valores que

se observaban no EILMasteres1112. Ciencias da Saúde tamén é a rama que concentra unha maior proporción de enquisados, o 40,9%, indican un nivel de relación nulo ou baixo entre o traballo desenvolvido e o máster, afirmando o 29,5% dos titulados non ver ningún tipo de relación entre o emprego actual e o máster cursado. Con todo as porcentaxes de titulados que afirman que a relación do máster e o seu emprego é nula redúcese en todas as ramas con respecto ao EILMasteres1112, agás na rama de Ciencias onde dita porcentaxe medrou un 2,2%.

Rama de coñecemento	Nada relacionado	Pouco relacionado	Algo relacionado	Bastante Relacionado	Moi Relacionado
Artes e Humanidades	19,4%	13,3%	23,5%	24,5%	19,4%
Ciencias	27,6%	6,5%	9,8%	8,9%	47,2%
Ciencias da Saúde	29,5%	11,4%	16,7%	15,2%	27,3%
Ciencias Sociais e Xurídicas	26,1%	12,5%	16,8%	16,3%	28,3%
Enxeñaría e Arquitectura	20,4%	11,9%	18,8%	19,7%	29,2%
SUG	**24,7%**	**11,7%**	**17,1%**	**17,0%**	**29,5%**

Táboa 3.6. Grao de relación entre o posto de traballo e o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.1.4.3. Lugar de traballo

A GRAN MAIORÍA DOS TITULADOS EN MÁSTERES NO SUG TRABALLA EN GALICIA 86,8% NO MOMENTO DA REALIZACIÓN DA ENQUISA. FÓRA DA COMUNIDADE GALEGA O 10,8% DOS TITULADOS ATÓPASE TRABALLANDO NO RESTO DE ESPAÑA, E O 2,4% FÓRA DE ESPAÑA, DOS QUE A MAIOR PARTE PROCEDEN DE PAÍSES PERTENCENTES Á UNIÓN EUROPEA.

En canto a análise por ramas de coñecemento, a maioría dos titulados en másteres no SUG traballa en Galicia no momento da realización da enquisa.

Por ramas de coñecemento, destacan as ramas de Ciencias da Saúde, con un 89,40% e Artes e Humanidades, con un 84,70%. A maior porcentaxe de titulados que traballan fóra de Galicia dáse na rama de Ciencias, cun 12,20%, mentres que as ramas de Artes e Humanidades e de Enxeñaría e Arquitectura son as que presentan unha maior presenza de titulados que traballan fóra do estado español, 4,10% e 2,80% respectivamente.

Rama de coñecemento	Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
Artes e Humanidades	84,70%	11,20%	4,10%	0,00%
Ciencias	86,30%	12,20%	0,80%	0,80%
Ciencias da Saúde	89,40%	9,80%	0,80%	0,00%
Ciencias Sociais e Xurídicas	87,50%	10,60%	1,00%	0,80%
Enxeñaría e Arquitectura	85,30%	10,70%	2,80%	1,30%
SUG	**86,80%**	**10,80%**	**1,60%**	**0,80%**

Táboa 3.7. Lugar de traballo. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.1.4.4. Modalidade de contratación

A gran maioría dos titulados en másteres no SUG **traballa por conta allea** (88,8%) no momento da realización da enquisa, mentres que tan só un 11,2% o fai por **conta propia**, dos que o 99,4% están dados de alta na Seguridade Social. Dentro dos titulados que traballan por conta allea, a práctica totalidade, un 99,5%, cotiza á Seguridade Social, dos cales o 40,1% conta cun contrato fixo, mentres que o 46,1% ten un contrato de tipo temporal, un 7,8% son bolseiros e un 5,6% ten un contrato en prácticas.

As ramas que presentan unha maior porcentaxe de titulados con contrato fixo son Enxeñaría e Arquitectura e Ciencias Sociais e Xurídicas, cun 46,0% e un 41,9% respectivamente.

Rama de coñecemento	Fixo	Temporal	Bolseiro	En prácticas	Outros
Artes e Humanidades	34,5%	50,0%	14,3%	1,2%	0,0%
Ciencias	27,1%	46,6%	22,0%	4,2%	0,0%
Ciencias da Saúde	35,6%	46,6%	11,0%	6,8%	0,0%
Ciencias Sociais e Xurídicas	41,9%	48,3%	3,9%	5,1%	0,8%
Enxeñaría e Arquitectura	46,0%	40,1%	5,9%	8,1%	0,0%
SUG	**40,1%**	**46,1%**	**7,8%**	**5,6%**	**0,4%**

Táboa 3.8. Modalidade de contratación dos traballadores por conta allea. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.1.4.5. Salario

SALARIO POR XÉNERO: O SALARIO MEDIO DA POBOACIÓN TITULADA EN MÁSTERES NO SUG É DE 1.251,70 EUROS. POR RAMAS DE COÑECEMENTO OS TITULADOS QUE PERCIBEN UN MAIOR SALARIO MEDIO SON OS DA RAMA DE ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA, CON 1.286,92 EUROS, AO IGUAL QUE OCORRÍA NO ESTUDO ANTERIOR (EILMasteres1112).



Figura 3.3. Salario medio por xénero. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

COMPARACIÓN COA SITUACIÓN LABORAL PREVIA AO MÁSTER: na comparativa entre o salario medio percibido por mulleres e homes no traballo anterior á realización do máster e no traballo actual, o salario do traballo previo ao máster foi deflactado.

Obsérvase que a nivel do SUG o salario medio incrementouse de xeito importante para os titulados en másteres do SUG, 167,10 euros en termo medio, sendo a mellora salarial lixeiramente máis importante para as mulleres que para os homes. Mentres que para os homes o salario medio viuse incrementado en 167,02 euros tras a realización do máster, para as mulleres ese aumento chega ata os 171,00 euros por termo medio.

Ao analizar estes datos por ramas de coñecemento os incrementos son notorios en todas ramas e para os dous xéneros cunha única excepción. Na rama de Ciencias da Saúde o salario medio dos homes tras o máster sufriu unha redución de 68,56 euros en termo medio, mentres o das mulleres de dita rama ascendeu 97,92 euros. En calquera caso a remuneración media da rama se ve incrementada en 39,00 euros pola maior presenza de tituladas en másteres de xénero feminino. Nas outras catro ramas de coñecemento os incrementos salariais con respecto ao traballo previo ao máster son unha constante tanto para homes como para mulleres. Eses incrementos son maiores no caso do xénero masculino na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, e no caso das mulleres nas restantes ramas, chegando o salario das mulleres a ser máis de 200 euros superior ao que tiñan no seu emprego previo entre as tituladas das ramas de Ciencias e de Enxeñaría e Arquitectura.



Figura 3.4. Diferenza entre o salario medio por xénero no traballo previo ao máster (deflactado) e no traballo actual. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG

Rama de coñecemento	Salario medio mulleres	Salario medio homes	Salario medio
Artes e Humanidades	60,46 €	55,05 €	56,71 €
Ciencias	236,13 €	143,55 €	189,33 €
Ciencias da Saúde	97,92 €	-68,56 €	39,00 €
Ciencias Sociais e Xurídicas	182,67 €	211,85 €	195,58 €
Enxeñaría e Arquitectura	226,20 €	193,76 €	209,07 €
SUG	**171,00 €**	**167,02 €**	**167,10 €**

Táboa 3.9. Diferenza entre o salario medio por xénero no traballo previo ao máster (deflactado) e no traballo actual. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.1.5. VALORACIÓN GLOBAL

OS TITULADOS EN MÁSTERES NO SUG ESTÁ SATISFEITOS COS ESTUDOS UNIVERSITARIOS CURSADOS, MÁIS DAS TRES CUARTAS PARTES DOS TITULADOS EN MÁSTERES VOLVERÍAN A REALIZAR O MÁSTER.
Por ramas de coñecemento, coa excepción da rama de Ciencias, en todas as ramas de coñecemento estas porcentaxes atópanse por riba do 74%, oscilando entre o 74,1% da rama de Ciencias da Saúde e o 84,2% de Artes e Humanidades.



Figura 3.5. Volvería a realizar o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.2. A INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS EN MÁSTERES EN FUNCIÓN DA SÚA SITUACIÓN LABORAL NO MOMENTO DE REMATAR O MÁSTER

NESTE APARTADO ANALÍZANSE OS RESULTADOS DA INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS EN BASE Á SÚA SITUACIÓN LABORAL NO MOMENTO PREVIO A REMATAR O MÁSTER. DADO QUE O PERFIL DO ALUMNADO QUE CURSA MÁSTERES NO SUG É ALTAMENTE HETEROXÉNEO, CÓMPRE IDENTIFICAR DISTINTOS PATRÓNS EN CANTO Á RELACIÓN PREVIA DOS TITULADOS CO MERCADO LABORAL, CO OBXECTIVO DE COÑECER CAL É A VERDADEIRA CONTRIBUCIÓN DOS ESTUDOS DE MÁSTER NA SÚA TRAXECTORIA LABORAL POSTERIOR.

3.2.1. SITUACIÓN LABORAL NO MOMENTO DE REMATAR O MÁSTER

A POBOACIÓN OBXECTO DE ANÁLISE NESTE APARTADO SON OS 1.596 TITULADOS QUE TRABALLARON NALGÚN MOMENTO DESDE O MOMENTO EN QUE REMATARON O SEU MÁSTER.

Categoría	Nº de titulados	Categoría	Nº de titulados	% titulados en másteres no SUG
Continuaron no seu emprego tras o máster (CONT)	621	Tiveron só un traballo tras o máster (CONT-UN)	340	21,3%
		Tiveron máis dun traballo tras o máster (CONT-VAR)	281	17,6%
Incorporáronse a un novo traballo (NOVO)	975	Tiñan experiencia previa no mercado laboral (NOVO-CON_EXP)	428	26,8%
		Non tiñan experiencia previa no mercado laboral (NOVO-SEN_EXP)	547	34,3%
SUG	**1.596**	**SUG**	**1.596**	**100,0%**

Táboa 3.10. Titulados en másteres no SUG en base á situación laboral previa ao máster.

Os resultados da análise preséntanse detallados para dous perfís diferenciados de titulados en función da situación laboral previa ao momento de rematar o máster. En primeiro lugar, identifícanse os titulados que xa estaban a ocupar un posto de traballo antes da finalización do máster e que continuaron nese posto unha vez rematada dita titulación. Dentro desta tipoloxía existen dúas casuísticas: por unha parte, a daqueles que se mantiveron no mesmo posto ata o momento de realización da enquisa, que se identifican nos gráficos e táboas co código CONT-UN; e, por outra, a daqueles que cambiaron de posto de traballo nalgún momento previo á realización da enquisa, que se identifican co código CONT-VAR. En segundo lugar, atópanse aqueles titulados que non traballaban no momento de remataren o máster ou ben que comezaron nun novo posto de traballo á finalización de dita titulación. Distinguimos dentro deste grupo a aqueles que tiñan algún tipo de experiencia laboral previa antes da realización do máster, que se identifican co código NOVO-CON_EXP; e aqueles que non dispuñan de ningún tipo de experiencia laboral no momento de finalizar o máster, para os que se utiliza o código NOVO-SEN_EXP.

3.2.2. SALARIO MEDIO EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN NO MOMENTO DE FINALIZAR O MÁSTER

Obsérvase que nos dous grupos de titulados que se analizan neste apartado o salario medio percibido experimentou un incremento con respecto ao do emprego previo ao máster. Este incremento foi de 215,16 euros para os titulados que continuaron a desenvolver o traballo que tiñan antes de rematar o máster e de 214,96 euros para os titulados que comezaron nun novo emprego.



Figura 3.6. Salario medio por xénero no traballo previo ao máster (deflactado) e no traballo actual. Resultados en función da situación laboral no momento de rematar o máster.

Categoría	Salario medio mulleres	Salario medio homes	Salario medio
CONT-UN	197,28 €	153,20 €	174,67 €
CONT-VAR	251,47 €	306,26 €	275,17 €
NOVO-CON_EXP	206,93 €	228,93 €	214,96 €
CONT	**217,82 €**	**214,00 €**	**215,16 €**

Táboa 3.11. Diferenza entre o salario medio por xénero no traballo previo ao máster (deflactado) e no traballo actual. Resultados en función da situación laboral no momento de rematar o máster.

3.3. COMPARATIVA CON ESTUDOS ANTERIORES

Neste apartado preséntase unha visualización da evolución dos aspectos máis importantes do proceso de inserción laboral dos titulados en Másteres no SUG relativos aos distintos estudos de inserción laboral dos titulados en másteres realizados ata o momento: EILMasteres0910, EILMasteres1011, EILMasteres1112 e EILMasteres1213.

3.3.1. SITUACIÓN LABORAL

NO MOMENTO DE REALIZAR A ENQUISA MÁIS DA METADE DE TITULADOS EN MÁSTERES NO CURSO 2012-2013, UN 55,6%, TRABALLAN NUN EMPREGO RELACIONADO COA TITULACIÓN QUE CURSARON, UNHA PORCENTAXE MOI SIMILAR Á REXISTRADA NO EILMasteres1112 E SUPERIOR ÁS ACADADAS NOS ESTUDOS ANTERIORES. No que se refire á proporción de titulados no curso 2012-2013 que non traballa no momento de realización da enquisa, esta increméntase lixeiramente con respecto ao estudo anterior, ata situarse no 26,2%, semellante á que se obtén no EILMasteres0910 e no EILMasteres1011.

Situación laboral	EILMasteres0910	EILMasteres1011	EILMasteres1112	EILMasteres1213
Traballa nun emprego relacionado co Máster	51,3%	53,2%	56,6%	55,6%
Traballa, pero en nada relacionado co Máster	22,4%	20,4%	21,0%	18,2%
Non traballa	26,3%	26,4%	22,3%	26,2%

Táboa 3.12. Situación laboral (no momento de realizar a enquisa). Comparativa cos estudos anteriores.



Figura 3.7. Situación laboral (no momento de realizar a enquisa). Comparativa cos estudos anteriores.

3.3.2. LUGAR DE TRABALLO

CON RESPECTO O LUGAR DE TRABALLO NO MOMENTO DE REALIZAR A ENQUISA NON SE OBSERVAN DIFERENZAS SIGNIFICATIVAS ENTRE OS CATRO ESTUDOS REALIZADOS ATA O MOMENTO. A PROPORCIÓN DE TITULADOS EN MÁSTERES NO CURSO 2012-2013 QUE TRABALLA EN GALICIA EXPERIMENTA UN LIXEIRO INCREMENTO CON RESPECTO Á PROMOCIÓN ANTERIOR, SITUÁNDOSE PRETO DO 87%. Neste sentido, a porcentaxe de titulados que se emprega fóra da comunidade galega continúa a ser bastante reducida, sobre todo a de titulados que traballan fóra de España.



Figura 3.8. Lugar de traballo (no momento de realizar a enquisa). Comparativa cos estudos anteriores.

Lugar de traballo	EILMasteres0910	EILMasteres1011	EILMasteres1112	EILMasteres1213
Galicia	88,6%	88,2%	86,2%	86,8%
Resto de España	9,7%	10,1%	11,3%	10,8%
Resto de Europa	1,3%	1,3%	1,9%	1,6%
Resto do mundo	0,4%	0,4%	0,6%	0,8%

Táboa 3.13. Lugar de traballo (no momento de realizar a enquisa). Comparativa cos estudos anteriores.

3.3.3. TEMPO MEDIO EN ATOPAR EMPREGO

O TEMPO MEDIO QUE LEVA ATOPAR EMPREGO É UNHA VARIABLE FUNDAMENTAL NOS ESTUDOS DE INSERCIÓN LABORAL.

O TEMPO MEDIO PARA QUE UN TITULADO EN MÁSTERES DO SUG NO CURSO ACADÉMICO 2012-2013 ATOPASE O SEU PRIMEIRO TRABALLO TRAS O MÁSTER FOI DE 7,40 MESES FRONTE AOS 8,29 MESES DO EILMasteres1011, O QUE REPRESENTA UN DESCENSO DE CASE UN MES.



Figura 3.9. Tempo medio (en meses) en atopar emprego (no momento de realizar a enquisa). Comparativa cos estudos anteriores.

Tempo medio (en meses)	EILMasteres 0910	EILMasteres 1011	EILMasteres 1112	EILMasteres 1213
Tempo medio (en meses)	7,89	8,29	7,71	7,40

Táboa 3.14. Tempo medio (en meses) en atopar emprego (no momento de realizar a enquisa). Comparativa cos estudos anteriores.

3.3.4. SALARIO

O INTERVALO SALARIAL QUE MÁIS TITULADOS CONCENTRA NO EILMasteres1213, AO IGUAL QUE NOS TRES ESTUDOS PREVIOS, É O DE 1.001 A 1.400 EUROS, ONDE A PORCENTAXE É DUN 30,5%, NA LIÑA ACADADA NO EILMasteres1011 E INFERIOR Á QUE SE REXISTROU NO EILMasteres1112. A SÚA VEZ, OBSÉRVASE QUE OS ENQUISADOS QUE COBRAN UN SALARIO INFERIOR AOS 1.101 EUROS SE REDUCEN LIXEIRAMENTE, DENDE O 39,5% E O 37,9% DOS DOUS ESTUDOS ANTERIORES AO 36,4% DO ESTUDO ACTUAL. A distribución de salarios dos restantes titulados ten niveis similares a estudos anteriores, manténdose o segmento de traballadores con salarios superiores aos 2.200 euros lixeiramente por enriba do 5%.



Figura 3.10. Salario mensual neto (no momento de realizar a enquisa). Comparativa cos estudos anteriores.

O SALARIO MEDIO MENSUAL PARA OS TITULADOS NO EILMasteres1213 É DE 1251,70 €, ACADANDO UN MÁXIMO CON RESPECTO AO SALARIO QUE AFIRMABAN PERCIBIR OS ENQUISADOS NOS ESTUDOS DE INSERCIÓN ANTERIORES.

Salario medio deflactado	EILMasteres 0910	EILMasteres 1011	EILMasteres 1112	EILMasteres 1213
Salario medio deflactado	1.187,19 €	1.192,83 €	1.173,66 €	1.251,70 €

Táboa 3.15. Salario mensual neto (no momento de realizar a enquisa). Comparativa cos estudos anteriores.

3.3.5. VALORACIÓN GLOBAL

UN 77,1% DOS TITULADOS EN MÁSTERES NO CURSO ACADÉMICO 2012-2013 AFIRMA QUE VOLVERÍA CURSAR O MESMO MÁSTER. Confírmase deste xeito a boa valoración global dos másteres do SUG, na liña dos resultados obtidos no EILMasteres 1112, e mellores que os rexistrados nos primeiros estudos de inserción laboral levados a cabo.



Figura 3.11. Volvería a realizar o máster (no momento de realizar a enquisa). Comparativa cos estudos anteriores.

Volvería a realizar o máster	EILMasteres0910	EILMasteres1011	EILMasteres1112	EILMasteres1213
Si	75,7%	73,3%	77,3%	77,1%
No	24,3%	26,7%	22,7%	22,9%

Táboa 3.16. Volvería a realizar o máster (no momento de realizar a enquisa). Comparativa cos estudos anteriores.

GRUPO DE TRABALLO

José Carlos de Miguel Domínguez (Director do Grupo)
Beatriz Valcárcel Aguiar
Alexandre Vecino Aguirre
Departamento de Economía Cuantitativa
Universidade de Santiago de Compostela

David Rodríguez González
(Coordinador do grupo de traballo externo)
Departamento de Economía
Universidade da Coruña

Luís Pedro Pedreira Andrade
Departamento de Economía
Universidade da Coruña

Manuel Guisado Tato
Departamento de Organización de Empresas e Marketing
Universidade de Vigo

M.ª Patrocinio Morrondo Pelayo
Presidenta do Consello de Dirección da ACSUG
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

José Eduardo López Pereira
Director da ACSUG
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

M.ª Carmen Fernández Montes
Técnico de programas da ACSUG
Coordinadora dos estudos de inserción laboral da ACSUG
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

Inserción Laboral EILMasteres1213

ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA